

Texto: **CARMEN GIL**

Ilustracións: **SARAH WEBSTER**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

40 páxinas. Ilustracións a toda cor.

Dispoñible en:

-Galego: "Unha pantasma con asma"
Demademora. ISBN 978-84-8464-012-7

-Castelán: "Un fantasma con asma"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-8464-186-5

Prezo: 13 €



UNHA PANTASMA CON ASMA

**Unha pantasma con asma
que nin asusta nin pasma;
con luvas, pucho e bufanda,
vai a pobre que non anda:
está pálida e escuálida
por non ter a casa cálida...**

Ata as pantasmas ponde chegar a contraer enfermidades, sobre todo se viven en ambientes insalubres ou solitarios. Pero as divertidas rimas desta historia recetarannos o remedio infalible que cura todos os males, incluídos os pantasmales.

Carmen Gil creou con "Unha pantasma con asma" un conto en verso áxil e cunha gran dose de humor, para que o gocen tanto nenos como adultos. Os máis cativos atoparán un personaxe estafalario e excéntrico que, aínda que está moi necesitado de agarimo e amizade, animarao a estimular a súa imaxinación. En cambio, unha lectura adulta -non exenta de humor- comprobará que moitas pantasmas pretenden dar medo, malia que a penas son quen de disimular a súa carencia afectiva.

O traballo de Sarah Webster incide no carácter humorístico do texto, a través da técnica do acrílico temperado e do lápiz. Cun estilo impresionista para un conto impresionante, a ilustradora recrea un ambiente hilarantemente pantasmagórico para unha historia poética e esdrúxula.

CARMEN GIL (Cádiz, 1962)

Profesora e escritora de libros infantís, realiza actividades relacionadas con teatro, sesións de contacontos, obradoiros de danzas do mundo e títeres. Imparte charlas en centros de Educación Primaria sobre poesía e animación á lectura para pais e mestres, organizadas polo Centro Andaluz das Letras. É fundadora da Revista Dixital

Cosicosas para todos os países de fala hispana e realiza recitais de poesía en colexios e bibliotecas. As súas montaxes teatrais representáronse en diversas cidades españolas e de América Latina. Entre os máis de corenta libros que publicou destaca "O sorriso de Daniela", publicado por KALANDRAKA, obra que recibiu a distinción The White Ravens 2008.

SARAH WEBSTER (Los Ángeles, USA, 1961)

Estudou cine no Centro Sperimentale di Cinematografia na Cinecittà (Italia) e realizou un Master de Cine e Animación en Los Angeles (California), becada por The Warner Brothers Scholarship. A súa cortometraxe de animación "The Night Voice" foi nominada para os Oscar da Academia do Cine de Los Angeles en 1994. Traballou como artista visual nos estudos de Peter Gabriel, Real World Studios, en Inglaterra; e como Directora de Arte de MACY*S West Broadcast Department, en San Francisco. Tamén foi asistente de vestuario na película "La voce della luna", de Federico Fellini. Compaxina o seu traballo como ilustradora coa animación e dirección de arte para publicidade e televisión. "Unha pantasma con asma" foi o seu primeiro álbum ilustrado para o público infantil.

- **Temática:** relato en verso sobre unha pantasma
- **Idade recomendada:** dende 5 anos
- **Aspectos destacables:** historia rimada; ilustracións impresionistas de estilo humorístico
- **Aplicacións:** o amor e os bos sentimentos fronte á soidade e o mal humor